



CONCELLO DE GUNTÍN DE PALLARES (LUGO)

DECRETO DE ALCALDÍA DE 05.05.2026

DON ANGEL PÉREZ RODRÍGUEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

Vista a Orde 22 de xaneiro de 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Galicia Suma Talento: Rural Activo)

Vista a Resolución do 22/04/2026 pola que se concede unha subvención para a contratación de 5 peóns forestais e que por razóns organizativas seleccionaranse e contrataranse 2 peóns no mes de maio e 3 no mes de xuño.

Visto o art. 21.1 g) da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ás base para a contratación laboral temporal de catro peóns/peoas forestais, baixo a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (CÓDIGO 405), a xornada completa e con unha duración de 9 meses.

<<<< BASES QUE REGERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 2 PEÓN/PEOAS FORESTAIS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, EN APLICACIÓN DA AXUDA OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN AO ABEIRO DA ORDE DO 22 DE XANEIRO DE 2026 (GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO)

PRIMEIRA: Normas xerais

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal que seguidamente se relaciona, ao abeiro da axuda concedida pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en aplicación da Orde do 22 de xaneiro do 2026 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (programa Galicia Suma Talento: Rural Activo) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2026.

Ocupación	Nº de postos	Servizo	Duración contratación
Peón/peoa forestal	2	Prevención incendios faixas secundarias	9 meses

A selección dos traballadores será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego, segundo o establecido no artigo 14 da Orde do 22 de xaneiro de 2026 e polo sistema concurso oposición. O Concello de Guntín poñerase en contacto cos candidatos que seleccione a oficina de emprego e comunicará aos candidatos o lugar, día e hora no que deberán asistir para realizar a selección orientada a cubrir a oferta de emprego formulada.

SEGUNDA. Modalidade do contrato

A modalidade de contrato de traballo: contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, a xornada completa (CÓDIGO 405), segundo o establecido no artigo 15.1 da Orde do 13 de marzo de 2025 da Consellería de Promoción do Emprego, Comercio e Emigración. As datas de inicio do contrato serán anteriores ao 1 de xullo de 2026.

O carácter do contrato é por tanto temporal, respecto á xornada do servizo mencionado anteriormente e as retribucións, detállase seguidamente:

Ocupación	Servizo	Xornada	Retribucións
Peón/peoa	Ámbito: no termo municipal do Concello de Guntín	Completa	1.221,00

Estrada de Santiago nº 12
27.211 Guntín - Lugo
Telf. 982 320 001 Fax. 982 320 088
concellodeguntin@gmail.com
www.guntin.es





CONCELLO DE GUNTIN DE PALLARES (LUGO)

forestal	Detalle funcións: tarefas de silvicultura, xestión biomasa, limpeza de montes ou tarefas de valorización forestal. De forma manual.	100%	€/mes
----------	---	------	-------

TERCEIRA: Condicións de admisión de aspirantes

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos:

Requisitos xerais:

- Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que aspira. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con minusvalías en igualdade de condicións que os demais aspirantes. A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións. No caso de que se teña condición de discapacitado/a a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Ser desempleado e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupada e dispoñible para o emprego.
- Nivel de galego esixido: o nivel de galego esixido para realizar as funcións da praza/posto/emprego convocado é CELGA 1 ou se carece de acreditación a persoa aspirante someterase obrigatoriamente a unha proba de coñecemento do idioma galego

CUARTA: Forma e prazo de presentación dos/as candidatos/as:

A selección do persoal a contratar levarase a cabo da forma prevista no artigo 14 da Orde do 22 de xaneiro de 2026, polo que se formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia. Non se requirirá a presentación de instancias, xa que os candidatos deberán figurar na lista polo Servizo Público de Emprego de Galicia, en contestación á correspondente oferta.

As bases íntegras e a convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín e na súa páxina web (www.guntin.es)

Os candidatos/as desempleado/as deberán presentarse o día e hora sinalado pola Oficina de Emprego ou polo Concello de Guntín, no Salón de Plenos da Casa Consistorial, e aportarán a documentación sinalada nas presentes bases, coas xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto/función que se convoca.

Estrada de Santiago nº 12
27.211 Guntín - Lugo
Telf. 982 320 001 Fax. 982 320 088
concellodeguntin@gmail.com
www.guntin.es





CONCELLO DE GUNTÍN DE PALLARES (LUGO)

Non se valorarán os méritos que non se acrediten documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados

Os méritos aos que se fai referencia no baremo deberán posuírse na data da realización da entrevista, computándose en calquera caso ata a citada data.

QUINTA: Tribunal cualificador

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por cinco membros:

Presidente
Secretario
Vogais

Por cada membro do tribunal nomearase un suplente, podendo actuar indistintamente titulares ou suplentes. Todos os membros do Tribunal terán voz e voto.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos ou o persoal eventual.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por Decreto do Alcalde. Presidente, debendo posuír, en calquera caso, titulación ou especializacións iguais ou superiores as esixidas para o acceso a función convocada.

Todos eles deberán estar adscritos a un posto de traballo que requira igual ao maior nivel de titulación esixido para cada un dos postos de traballo.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores.

SEXTA. Sistema de selección e desenvolvemento do proceso.

Tendo en conta as especiais características dos postos e a súa temporalidade, estimase, que o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso oposición debendo o Tribunal valorar os méritos presentados polos aspirantes, neste caso a selección dos candidatos será por orde decrecente atendendo a puntuación obtida.

6.1 FASE CONCURSO

6.1.1.- COLECTIVOS CON ESPECIAIS DIFICULTADES DE INSERCIÓN LABORAL: (máximo 2 puntos)

Por atoparse nalgún dos supostos establecidos no artigo 14 da Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Galicia Suma Talento: Rural Activo) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.....2 puntos.

6.1.2.- ENTREVISTA CURRICULAR: 2 puntos

A entrevista terá como finalidade apreciar o interese, grao de madurez, grado de formación xeral e técnica, formación e experiencia acreditadas no currículo, en relación coas funcións que se establecen estas bases.2 puntos.

6.1.3.- IDIOMA GALEGO

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

"[...] para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega."

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego sinalado deberán realizar esta proba teórica sobre o coñecemento do galego.

Estrada de Santiago nº 12
27.211 Guntín - Lugo
Telf. 982 320 001 Fax. 982 320 088
concellodeguntin@gmail.com
www.guntin.es





CONCELLO DE GUNTÍN DE PALLARES (LUGO)

Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualificarase con apto ou non apto.

6.2.- FASE OPOSICIÓN:

2.1.- PROBA TEÓRICA: 20 puntos

Unha vez valorados os requisitos aos que fai referencia a orde, as titulacións procederase a unha proba onde os demandantes de emprego contestarán por escrito nun prazo máximo de corenta e cinco minutos un cuestionario tipo test de 20 preguntas sobre as seguintes materias:

Tema 1.- Constitución Española de 1978.

Tema 2.- O Municipio. Conceptos e elementos. Competencias municipais. Organización municipal.

Tema 3.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. A responsabilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Tema 4.- Rasgos estruturais do termo municipal (termo municipal, poboación, infraestruturas, distribución xeográfica e parroquial, orografía ...)

Tema 5.- xestión biomasa, limpeza, desbroces manuais e mecanizados nas faixas secundarias. Eliminación, corta, desbroce, poda, Diferentes materiais e ferramentas a utilizar.

Tema 6.- Funcións a realizar: Eliminación, corta, desbroce de vexetación: corta, tala e poda de árbores

Tema 7.- limpeza e mantemento de maquinaria, apeiros, equipos e ferramentas a utilizar

Tema 8.- Conceptos de xardinaría

Tema 9.- Prevención de riscos laborais.

Das preguntas e respostas alternativas elixirase unha como resposta, puntuando cada unha 1 punto. As respostas erróneas ou non contestada equivalen a 0 puntos

2.- PROBA PRÁCTICA: 10 puntos

Unha Proba Práctica para demostrar a súa pericia no manexo de aparellos e maquinaria que se utilizarán no posto ofertado.

SÉTIMA.- Relación de candidatos, presentación de documentos e nomeamento

Unha vez rematada a cualificación da documentación dos aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aspirantes ao posto de traballo, coa puntuación provisional acadada, por orde de puntuación, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web www.guntin.es e, darase traslado o Presidente da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

Os aspirantes propostos achegarán á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estes xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación.

Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

OPTAVIA.- Incidencias

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Así mesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Estrada de Santiago nº 12
27.211 Guntín - Lugo
Telf. 982 320 001 Fax. 982 320 088
concellodeguntin@gmail.com
www.guntin.es





CONCELLO DE GUNTIN DE PALLARES (LUGO)

Contra a resolución, que é definitiva en vía administrativa e pola que se aproban as bases desta convocatoria, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Guntín, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á recepción da presente notificación ou recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora da devandita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpor calquera outro que estime procedente.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como pola restante normativa estatal ou autonómica vixente que sexan de aplicación por razón da materia.

En Guntín, a 5 de MAIO de 2026.

O Alcalde

Asdo.- Ángel Pérez Rodríguez

ANEXO 1 (MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE)

D./D^a _____ con DNI núm _____
e domicilio para efectos de notificación en _____, teléfono n^o

DECLARO BAIXO A MINHA RESPONSABILIDADE

PRIMEIRO:

1.- Que reúno os requisitos xerais desta convocatoria:

- a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.

Estrada de Santiago n^o 12
27.211 Guntín - Lugo
Telf. 982 320 001 Fax. 982 320 088
concellodeguntin@gmail.com
www.guntin.es





CONCELLO DE GUNTÍN DE PALLARES (LUGO)

- b) *Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que aspira. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con minusvalías en igualdade de condicións que os demais aspirantes. A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións. No caso de que se teña condición de discapacitado/a a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.*
- c) *Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.*
- d) *Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*
- e) *Ser desempleado e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia.*

SEGUNDO- Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases que rexen o proceso de selección de 2 peóns/peoas forestais.

TERCEIRO- Que declara coñecer as bases xerais da convocatoria relativas a selección de persoal laboral temporal, categoría peón/peoa forestal

Guntín, _____ de _____ de 2026.

O solicitante,

Asdo.:

En relación co establecido na LOPD de Carácter persoal o Concello de Guntín, procede a informarlle que os datos obtidos no noso formulario serán incorporados a un ficheiro de datos, do que é responsable o Concello de Guntín, con domicilio social en CR General, 12 – 27211-Guntín- Lugo. Sendo os datos obtidos co consentimento do interesado, Arti. 6 LOPD o obxecto de dito tratamento será para a xestión das relacións contractuais establecidas entre o Concello e o solicitante. O interesado gozará en todo momento dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos pola Lei vixente. O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito ó Concello de Guntín, calquera modificación que se produza nos datos aportados.>>>>>

En Guntín, a 5 de maio de 2026.

O Alcalde

Ante min

Estrada de Santiago nº 12
27.211 Guntín - Lugo
Telf. 982 320 001 Fax. 982 320 088
concellodeguntin@gmail.com
www.guntin.es





CONCELLO DE GUNTÍN DE PALLARES (LUGO)

A Secretaria

Asdo.- Angel Pérez Rodríguez

Asdo.- Nadia Díaz Vázquez

Estrada de Santiago nº 12
27.211 Guntín - Lugo
Telf. 982 320 001 Fax. 982 320 088
concellodeguntin@gmail.com
www.guntin.es

